

## GUÍA DOCENTE TFG (2019-20)

### Obxectivos da materia

O Traballo de Fin de Grao é unha achega orixinal, autónoma, individual ou en grupo, baixo a supervisión dun/varios titor/es, que consistirá na elaboración dun traballo no que se acrediten coñecementos e destrezas conseguidas durante os estudos realizados na titulación de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.

### Contidos

#### MODALIDADES

O Traballo de Fin de Grao pode axustarse ás seguintes modalidades, cuxos contido e formato detallaranse na Guía docente publicada na aula virtual da materia:

1. Investigación básica
  - 1.1 Descripción
  - 1.2 Contrastación de hipótese
2. Aplicación ou uso de teorías: traballos interpretativo-explicativo-idiográficos
3. Investigación aplicada
  - 3.1 Avaliación
  - 3.2 Desenvolvemento experimental / intervención social
4. Teoría política
5. Estado da cuestión:
  - 5.1 Revisión bibliográfica tradicional
  - 5.2 Revisión bibliográfica sistemática
6. Construcción de escenarios
7. Simulación computacional

#### CONTIDO COMÚN PARA TODOS OS TRABALLOS

Calquera que sexa a modalidade do traballo elaborado, o proceso de titorización e aprendizaxe abarcará os seguintes contidos:

- Identificación e xustificación do problema
- Definición das preguntas da investigación
- Definición de obxectivos do traballo
- Planificación do traballo e secuencia de fases de execución
- Revisión bibliográfica

#### FORMATO

O TFG poderá redactarse galego, en castelán ou en inglés. A extensión recomendada do traballo é de entre 50 e 70 páxinas, non incluídos nelas a portada, os índices, a bibliografía nin os Anexos.

Todos os TFGs deberán incluír, cando se inclúan no TFG os contidos correspondentes, os seguintes apartados:

- Portada.
- Índice xeral, co título de cada unidade de contido e o número da páxina na que se atopa o título.
- Índice de táboas / cadros, co título de cada táboa / cadre e o número da páxina na que se atopa a táboa / cadre.
- Índice de gráficos / figuras, co título de cada gráfico / figura e o número da páxina na que se atopa a gráfico / figura.
- Lista de acrónimos / abreviaturas.
- Introdución. Neste apartado, xustificarase e presentarase a investigación. Achegaranse argumentos sobre a pertinencia teórica, empírica ou práctica do tema elixido; se contextualiza o traballo no contexto cognitivo da disciplina correspondente; estableceranse os obxectivos da investigación; formularanse as preguntas ás que se trata de responder coa investigación emprendida; e anticiparase o a estrutura do traballo e a secuencia de pasos da exposición subseguiente.
- Revisión bibliográfica (excepto aqueles TFGs cuxo formato sexa o dunha revisión bibliográfica).
- Apartados correspondentes á modalidade de TFG elixida.
- Conclusíons
- Bibliografía, ordenada, ben alfabeticamente, ben de acordo con algún criterio relevante. Cando se considere que aclara a localización das fontes, é posible dividila en subapartados. Igualmente, é posible diferenciar as fontes electrónicas das fontes en papel, recollendo as primeiras nunha Webgrafía.
- Anexos / Apéndices. Neles inclúense, no seu caso, os Anexos que recollen os documentos legais consultados, que non son parte da bibliografía.

## Competencias

Analizar e sintetizar.

Argumentar loxicamente.

Avaliar argumentos alleos.

Establecer o valor científico dos produtos xerados nas investigacións politolóxicas.

Diferenciar os xéneros discursivos propios da ciencia política (teoría política, investigación empírica, programa de intervención social, avaliación de programas e outros).

Teorizar e conceptualizar.

Deseñar traballos de investigación metodolóxicamente fundamentados.

Buscar e xestionar fontes de información.

Recoller e tratar datos cualitativos e cuantitativos para facelos obxecto de análise.

Analizar datos con técnicas cualitativas e cuantitativas.

Utilizar ferramentas informáticas e tecnoloxías da comunicación.

Comunicar con fluidez oralmente e por escrito.

Presentar e expor traballos politolóxicos.

## **Resultados da Aprendizaxe**

Comprensión e valoración críticas de información teórica e fáctica sobre temas diversos da ciencia política, as políticas públicas, a xestión pública ou as relacóns internacionais.

Integración dos coñecementos adquiridos no Grao e aplicación ao ámbito profesional.

Planificación e elaboración dun traballo de ciencia política que integre os coñecementos e competencias adquiridos no Grao.

Defensa pública dun traballo politolóxico.

## **Metodoloxía da ensinanza**

### **ACTIVIDADES FORMATIVAS**

Titorías e horas lectivas: 22.5 horas

Traballo autónomo do/a alumno/a: 326 horas

Presentación e defensa pública do TFG: 1.5 horas

## **Sistema de avaliación**

A avaliación da aprendizaxe terá como criterio fundamental o nivel de adquisición integrado das competencias propias do Grao reflectidas polo traballo elaborado e defendido polo alumnado. A cualificación final obtida polo/a estudiante calcularase en función dos seguintes elementos:

### **1. Proceso de traballo:**

Valorarase progreso do estudiantado durante a elaboración do Traballo de Fin de Grao, de acordo coa valoración realizada no apartado correspondente do informe de avaliación final emitido polo titor ou titora. O resto dos apartados do informe do titor ou titora será tido en conta polas persoas membros do tribunal ao cualificar o TFG de acordo coa ponderación establecida nos puntos seguintes.

### **2. Calidade da investigación:**

Valorarase a calidade final do TFG e a manifestación nel das competencias dun/unha aspirante a graduado en ciencia política e da administración. Concretamente, valoraranse, segundo proceda de acordo coa modalidade do TFG elixida, a xustificación do TFG (incluída a revisión bibliográfica realizada), a teorización, o deseño da investigación, o rigor metodolóxico, a recollida de datos, a análise de datos, a presentación dos resultados, os achados obtidos e a disposición estrutural dos contidos.

**3. Presentación escrita:**

Valoraranse a adecuación aos requisitos de formato, o adecuado uso da linguaxe técnica da disciplina e a corrección léxica, gramatical e ortográfica.

**4. Defensa pública:**

Valoraranse as competencias de comunicación oral e de debate do/a estudiante.

**Recomendacións para o estudo da materia**

É fundamental que o alumnado acceda á aula virtual da materia onde se publicarán documentos de guía, referencia e axuda para a elaboración do Traballo Fin de Grao

**Observacións**

É fundamental que o alumnado acceda á aula virtual da materia onde se publicarán documentos de guía, referencia e axuda para a elaboración do Traballo Fin de Grao